

## CAMPAMENTO XUVENIL OS CHACOTES ( PALAS DE REI)

### INFORMACIÓN XERAL:

<b>DATOS XERAIS:</b>	Con capacidade para 100 prazas en tendas de campaña. Conta con comedor, cociña, enfermería e instalacións deportivas do Concello, incluída a piscina.
<b>SITUACIÓN:</b>	Atópase na vila de Palas de Rei (Lugo), na ruta do Camiño Xacobeo.
<b>ACCESOS:</b>	Por <b>estrada</b> : a 35 km de Lugo. Autobuses con Lugo e Santiago todos os días. Por <b>ferrocarril</b> : estación RENFE en Lugo
<b>ENDEREZO:</b>	Campamento Xuvenil "OS CHACOTES" 27200-Palas de Rei -Lugo Tel. – 982 380 313

### QUENDAS E ACTIVIDADES:

QUENDAS	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
<b>OBXECTIVOS:</b> Fomentar o desenvolvemento integral dos participantes empregando o xogo, o deporte e o contacto co entorno natural, social e cultural como ferramenta educativa.	
<b>Eco-Palas: Natureza e Patrimonio</b> 1-12 de xullo	Kaiak, Escalada en rocódromo, Tiro con arco, BTT, Piscina, Orientación e GPS, Sendeirismo e acampada, BioPalas , Destino Xacobeo e Veladas nocturnas.
<b>Implíca-T: Natureza e Patrimonio</b> 17-28 de xullo	Actividades de voluntariado medioambiental, social e cultural BTT, escalada en rocódromo, piscina, tiro con arco, paintball sendeirismo e acampada, visitas interpretativas (Vilar de Donas e Os Pazos de Ulloa) Veladas nocturnas.
<b>Eco-Palas: Natureza e Patrimonio</b> 2-13 de agosto	Kaiak, Escalada en rocódromo, Tiro con arco, BTT, Piscina, Orientación e GPS, Sendeirismo e acampada, BioPalas , Destino Xacobeo e veladas nocturnas

### **NORMAS XERAIS**

- Os participantes estarán atendidos, permanentemente, por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias destes campamentos.
- Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao campamento a **tarxeta sanitaria orixinal**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será notificada ao teléfono familiar do acampado/a.
- O teléfono para poder falar cos acampados é o número: **982 380 313**. O horario de atención será de 15:00 as 16.00 horas. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Tendo en conta o elevado número de xoves e co fin de evitar que se colapsen as liñas telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono, (os participantes poderán facelo despois da comida ). Os participantes disporán dun teléfono de tarxeta e de moedas
- Os participantes incorporaranse na data e horarios establecidos acompañados dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada.
- Ningún participante poderá abandonar o recinto do campamento sen autorización do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais ou persoa adulta autorizada, debendo cubrir o impreso axeitado, que lles será facilitado polos monitores; ademais da fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada, de se lo caso. Prégase non facer visitas, de non ser necesario, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Débase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos que estean tomando os participantes, e mesmo as alerxias, doenzas ou calquera outra incidencia que se considere de interese para ter en conta nestes días.
- Os directores de actividade teñen prevista a organización dun "banco" de cartos e outro de móbiles ( con funda e cargador).